

Enquisa de condicións de vida das familias. Novas tecnoloxías. Ano 2013

RESUME DE RESULTADOS

En 2013, o 59,2% dos fogares galegos contan con conexión a internet
O 58,1% da poboación galega de 5 ou máis anos conectouse a internet
nos últimos tres meses


O 44,1% dos galegos de 16 ou máis anos que realizaron xestións coas
administracións públicas fíxoo a través da rede

Telefonía móbil

No ano 2013, case 8 de cada 10 galegos de 5 ou máis anos utilizan o teléfono móbil, cifra superior en 8 puntos á rexistrada no ano 2008, que se situou no 70,2%.

Persoas que usan teléfono móbil. Galicia

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos

Por grupos de idade, o 26,9% dos rapaces galegos de entre 5 e 14 anos utilizan o teléfono móbil, porcentaxe lixeiramente inferior á do ano 2008, que era do 28,5%. Na franxa de idade



comprendida entre os 15 e os 54 anos, a porcentaxe de persoas que o utilizan supera o 95%, mentres que no grupo de idade de 65 ou máis anos esta porcentaxe non chega ao 50%.

Persoas que usan teléfono móbil segundo o sexo e a idade. Galicia. Ano 2013

Porcentaxes

	Homes	Mulleres	Total
De 5 a 14 anos	26,0	27,9	26,9
De 15 a 19 anos	95,3	96,4	95,9
De 20 a 29 anos	98,4	99,0	98,7
De 30 a 39 anos	97,5	98,2	97,9
De 40 a 54 anos	96,0	95,3	95,6
De 55 a 64 anos	86,7	83,0	84,8
De 65 ou máis anos	54,1	43,7	48,1
Total	80,5	75,8	78,1


Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos.

Ordenador

Persoas que usaron o ordenador no último mes. Galicia

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos.

En 2013, o 63,3% dos galegos de 5 ou máis anos manifestou utilizar o ordenador algunha vez: o 56,4% fíxoo no último mes, o 3,5% fai máis dun mes pero menos dun ano e o 3,4% restante fai

máis dun ano. A porcentaxe de persoas que utilizaron o ordenador no último mes aumentou 11,5 puntos porcentuais con respecto ao ano 2008.

As maiores porcentaxes de uso do ordenador danse nos grupos de idade de 5 a 19 anos e de 20 a 29 anos, onde preto de 9 de cada dez rapaces e mozos galegos comprendidos nestas idades utilizaron o ordenador no último mes.

Persoas que usaron o ordenador. Galicia. Ano 2013

Porcentaxes

	No último mes	Usan ordenador
Total	56,4	63,3
Homes	59,4	66,7
Mulleres	53,7	60,2
De 5 a 19 anos	86,2	92,2
De 20 a 29 anos	90,5	97,3
De 30 a 54 anos	72,9	81,7
De 55 ou máis anos	18,2	23,4

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos.

Os usuarios frecuentes, é dicir, os que empregan o ordenador diariamente ou polos menos 5 días á semana, supoñen o 60,6%. Estes usuarios son aproximadamente 920 mil persoas.

Frecuencia de uso do ordenador nos últimos tres meses. Ano 2013

Porcentaxes

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Diariamente, polo menos 5 días á semana	60,6	63,1	55,7	60,4	59,1
Todas as semanas, pero non diariamente	28,1	26,2	31,4	27,1	29,6
Polo menos unha vez ao mes, pero non todas as semanas	9,4	9,1	11,5	9,5	9,2
Menos dunha vez ao mes	1,9	1,6	1,4	3,0	2,1
Total	100	100	100	100	100


Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos que usou o ordenador nos últimos tres meses.

Internet

En 2013, o 59,2% dos fogares galegos ten contratada conexión a internet (614.288 fogares), case nove puntos máis que en 2012 e vinte e seis máis que en 2008. Esta porcentaxe varía en función da área xeográfica. Así, na área de Santiago é do 71,8%, mentres que na área "Lugo sur" esta porcentaxe se sitúa no 35,7%.

Porcentaxe de fogares con conexión a internet. Ano 2013



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Os motivos polos que os fogares galegos non teñen conexión a internet son fundamentalmente que “Non a necesitan”, nun 55,2%, “Non a queren”, nun 44,1%, e “Teñen poucos coñecementos para usala”, nun 31,6%.

O uso de internet está máis estendido entre os mozos de 15 a 24 anos, xa que a utilizaron nos últimos tres meses o 97,7%. Cabe salientar, tamén, que tres de cada catro nenos de 5 a 14 anos usou internet nos últimos tres meses. O uso de internet diminúe segundo aumenta a idade da poboación. Deste xeito, a porcentaxe de poboación de 45 a 54 anos baixa ata o 61,7% e na franxa de idade comprendida entre os 55 a 64 anos non chega ao 40%.

Persoas que se conectaron a internet nos últimos tres meses segundo o sexo e a idade. Galicia. Ano 2013

Porcentaxes

	Homes	Mulleres	Total
De 5 a 14 anos	74,9	76,1	75,5
De 15 a 24 anos	97,0	98,3	97,7
De 25 a 34 anos	90,4	91,6	91,0
De 35 a 44 anos	83,5	84,3	83,9
De 45 a 54 anos	63,0	60,5	61,7
De 55 a 64 anos	40,6	33,9	37,1
De 65 ou máis anos	11,3	6,1	8,3
Total	61,4	55,2	58,1

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos.

En canto aos lugares de conexión a internet destaca a vivenda no 87,9% das persoas que se conectaron a internet nos últimos tres meses, e o centro de traballo, cunha porcentaxe do 27,7%.

Lugares de conexión a internet nos últimos tres meses. Ano 2013

Porcentaxes


	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Na súa vivenda	87,9	88,9	86,0	84,2	88,3
No centro de traballo	27,7	29,6	28,4	29,2	24,8
No centro de estudos	13,9	14,1	13,9	11,4	14,5
Noutro domicilio particular	14,5	15,6	15,2	11,6	13,8
Nunha cafetería, ciber, ciber-café ou similar	13,0	14,3	14,4	12,2	11,1
Nun centro público (concello, biblioteca pública ou outros centros oficiais)	8,4	9,4	7,8	7,3	7,8
Noutro lugar	2,6	3,7	3,8	1,7	1,3

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos que se conectou a internet nos últimos tres meses.

Os usuarios que se conectaron a internet máis de 5 horas na última semana supoñen o 40,3% do total de internautas do último mes.

Frecuencia de uso de internet na última semana. Galicia. Ano 2013



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos que se conectou a internet no último mes.

Compras por internet

No ano 2013, o 58,1% dos galegos de 5 ou máis anos manifestou terse conectado a internet nos tres últimos meses. Entre a poboación de 16 ou máis anos que se conectou a internet nos tres últimos meses, o 26,4% realizou algunha compra neses tres últimos meses e o 10,6% fai máis de tres meses e menos dun ano.

Persoas que realizaron algunha compra por internet por momento último de compra. Galicia

Porcentaxes

	2008	2013
Nos últimos tres meses	16,3	26,4
Máis de tres meses e menos dun ano	9,5	10,6
Máis dun ano	7,0	10,8
Nunca compraron por internet	67,2	52,2
Total	100	100

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos que usou internet nos últimos tres meses.

As maiores porcentaxes, por grupos de idade, rexístranse entre a poboación de 20 a 29 anos e a de 30 a 39 anos, nos que a porcentaxe que nos tres últimos meses realizou algunha compra por este medio foi do 33,0% e do 32,7% dos que se conectaron a internet neses tres últimos meses, respectivamente.

Persoas que realizaron algunha compra por internet segundo a idade e o sexo. Galicia. Ano 2013

Porcentaxes

	Nos últimos tres meses	Máis de tres meses e menos dun ano
Total	26,4	10,6
Homes	27,4	10,8
Mulleres	25,4	10,4
De 16 a 19 anos	14,5	9,3
De 20 a 29 anos	33,0	12,3
De 30 a 39 anos	32,7	12,1
De 40 a 54 anos	23,8	9,9
De 55 ou máis anos	14,5	7,1

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos que se conectou a internet nos últimos tres meses.

Entre os bens e servizos mercados máis habitualmente a través de internet figuran viaxes ou billetes para medios de transporte; o 36,3% das persoas de 16 ou máis anos que realizaron compras por internet mercaron este produto. A continuación atópanse roupa e complementos (34,7%), as entradas para espectáculos (22,9%), roupa de deporte e o material deportivo (20,2%), o equipamento electrónico (18,7%) e os libros, revistas, periódicos e material educativo (16,2%).

Tipoloxía das compras efectuadas por internet no último ano. Galicia

Porcentaxes

	2008	2013
Viaxes ou billetes para medios de transporte	66,5	36,3
Roupa e complementos	12,7	34,7
Entradas para espectáculos	22,5	22,9
Roupa de deporte e material deportivo	8,9	20,2
Equipamento electrónico (cámaras dixitais, reprodutores de dvd, mp3...)	17,1	18,7
Libros, revistas, periódicos, material educativo...	14,0	16,2
Equipamento para o fogar (mobles, menaxe...)	7,8	11,4
Películas, música	9,8	8,2
Comida e produtos alimenticios	4,9	7,5
Software informático (non inclúe xogos de ordenador)	7,9	7,4
Outros bens de consumo non duradeiros (limpeza, hixiene...)		6,6
Contratar servizos de telecomunicacións		6,1
Hardware	6,5	6,0
Xogos de ordenador	2,4	5,1
Accións, pólizas de seguros e outros servizos financeiros	4,3	3,9
Lotería, participación en apostas e xogos de azar	4,2	3,3
Outros tipos de compras	6,2	5,9

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos que se conectou a internet nos últimos tres meses e comprou por internet no último ano.

Administración electrónica

En 2013, un total de 738.633 persoas de 16 ou máis anos relacionáronse coas administracións públicas a través de internet. Isto supón que o 44,1% do total da poboación que realizou xestións coas administracións públicas o fixo a través da rede, porcentaxe que en 2008 era do 16,5%.

Os principais servizos polos que interactuaron coas administracións públicas a través da rede foron relacionados coas xestións sanitarias (pedir citas, solicitar tarxeta, cambios de médico...) e coa declaración da renda.

Servizos e actividades utilizados nas relacións por internet coas administracións públicas durante os últimos doce meses. Galicia

Porcentaxes

	2008	2013
Xestións sanitarias (pedir citas, solicitar tarxeta, cambios de médico...)	55,5	64,2
Declaración da renda	61,0	58,2
Tramitación ante oficinas de emprego (enviar currículo, responder ofertas...)	8,6	21,3
Xestións universitarias (matricularse, consultar notas, calendario de exames...)	18,8	20,6
Tramitación de documentos persoais (carnet de conducir, pasaporte...)	10,2	19,9
Acceso a bibliotecas públicas (consulta de fondos...)	11,5	15,5
Tramitación de beneficios sociais (axudas por fillos, bolsas, prestación de desemprego...)	11,2	15,3
Petición e entrega de certificados (incluído Rexistro Civil)	16,0	12,4

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos que usou internet nas súas relacións coas administracións públicas nos últimos doce meses.

Formación en novas tecnoloxías

En 2013, o 24,1% dos galegos de 16 ou máis anos asistiu a actividades formativas sobre as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) de polo menos tres horas de duración: o 2,6% fíxoo nos tres últimos meses, o 2,5% no último ano pero non nos últimos tres meses e o 18,9% restante fai máis dun ano. Máis do 30% das persoas de 16 a 54 anos asistiron algunha vez a actividades formativas sobre as TIC, mentres que só o fíxo o 9,7% da poboación de 55 ou máis anos.

Persoas que asistiron a actividades formativas sobre as TIC. Galicia. Ano 2013

Porcentaxes

	De 16 a 29 anos	De 30 a 39 anos	De 40 a 54 anos	De 55 ou máis anos	Total
Nos últimos 3 meses	5,3	3,8	2,9	0,9	2,6
No último ano, pero non nos últimos 3 meses	3,6	3,9	3,3	1,0	2,5
Fai máis dun ano	24,6	30,5	24,6	7,8	18,9
Asistiron	33,4	38,2	30,8	9,7	24,1

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Grandes concellos

Entre os sete grandes concellos de Galicia, o concello de Lugo é o que ten unha porcentaxe de persoas que usan o teléfono móbil (85,5%).

28 de xullo de 2014

O concello que conta cunha maior porcentaxe de persoas de 5 ou máis anos que usaron o ordenador nos últimos tres meses é Santiago de Compostela, cun 74,8%. No outro extremo atópase o concello de Ferrol cun 60,5%. Estes valores son maiores que os do conxunto de Galicia, onde a porcentaxe de persoas que usaron o ordenador nos últimos tres meses acada o 58,6%.

En 2013, 8 de cada 10 fogares de Santiago de Compostela contan con conexión a internet. Ségueno os concellos de Pontevedra e Lugo cun 73,2% e un 72,6%, respectivamente.

No concello de Santiago de Compostela o 75,2% da poboación de 5 ou máis anos conectouse a internet nos tres últimos meses, 17,1 puntos máis que no conxunto de Galicia. No tocante ás compras por internet, o 46,1% dos cidadáns santiagueses de 16 ou máis anos que se conectaron a internet nos tres últimos meses realizaron algunha compra por este medio no último ano.

Novas tecnoloxías. Grandes concellos. Ano 2013

Porcentaxes

	Santiago de						
	A Coruña	Compostela	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Persoas que usan móbil ⁽¹⁾	84,8	81,8	79,7	85,5	81,8	80,0	82,0
Persoas que usaron o ordenador nos últimos 3 meses ⁽¹⁾	69,7	74,8	60,5	70,2	65,0	71,3	66,4
Persoas que se conectaron a internet nos últimos 3 meses ⁽¹⁾	68,8	75,2	59,8	71,6	63,8	70,0	65,6
Persoas que realizaron algunha compra por internet no último ano ⁽²⁾	45,9	46,1	36,8	42,1	38,4	36,0	34,5
Fogares con conexión a internet	69,2	80,2	58,7	72,6	60,1	73,3	66,0

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: ⁽¹⁾ os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos.

⁽²⁾ os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos que se conectou a internet nos últimos 3 meses.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono de información: 981.54.15.89

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>

Síguenos en Twitter: http://twitter.com/#!/IGE_Estatistica

Síguenos en facebook: <http://www.facebook.com/INSTITUTOGALEGOESTADISTICA?sk=wall>